

Calendario de presentación dos Traballos Fin de Grao (TFG)_Curso 2019/20 Primeira edición de actas (xuño 2020)

(modificado en Xunta de Facultade do 25 de maio de 2020)

1 de xuño (luns): data límite de entrega na Secretaría Virtual do *Informe de conformidade* da titora ou titor.

5 de xuño (venres): data límite para realizar o trámite virtual polo que o estudantado solicita a defensa oral do TFG na Secretaría Virtual. Hai que imprimir electrónicamente en formato PDF as dúas copias que xera o sistema e enviar unha delas xunto co traballo por correo electrónico ao Negociado de Asuntos Xerais (sdfft@uvigo.es) no trámite seguinte.

8 de xuño (luns): data límite para que o estudantado entregue o TFG no Negociado de Asuntos Xerais da FFT (Decanato). Realizarase a entrega en soporte electrónico:

- o 1 copia electrónica da versión final do TFG en PDF enviada a sdfft@uvigo.es. No asunto da mensaxe debe figurar TFG, a sigla do grao (GLE/GTI/GCLEL) e máis os apelidos do/a estudante. Exemplo: TFG GTI Pérez Pérez. Este deberá ser tamén o nome do ficheiro PDF
- o Unha copia da solicitude de defensa oral xerada na Secretaría Virtual en PDF no trámite previo.

8 de xuño (luns): data límite para entregar por correo electrónico o informe da/o titor/a de cada TFG (co seu visto e praxe) no Negociado de Asuntos Xerais, en caso de tribunais colexiados. No informe, segundo o modelo da FFT, constará a nota proposta por quen titoriza o traballo (30% da cualificación total).

9 de xuño (martes): data límite para que o Negociado de Asuntos Xerais entregue a documentación (copias dos TFG e informes de titor/a) a quen exerza a secretaría de cada tribunal colexiado. No caso de tribunal unipersoal, entregaráselle a copia do TFG ao titor/a.

10 de xuño (mércores): data límite para que a secretaría de cada tribunal colexiado ou o titor/a dos tribunais unipersoais comuniquen as datas, horas e lugar de defensa pública de cada TFG no Negociado de Asuntos Xerais. Estas datas publicaranse no taboleiro do Decanato e no espazo FAITIC da materia TFG do título correspondente.

11 de xuño (xoves): o Negociado de Asuntos Xerais comunica as datas, horas e lugar previstos para a defensa de cada TFG. A convocatoria será publicada no espazo FAITIC da materia TFG do grao correspondente

19 de xuño (venres): data límite para a entrega de actas da 1ª oportunidade das materias distintas ao TFG.

23-26 de xuño (martes-venres): datas previstas para as defensas públicas dos TFG fixadas polos tribunais colexiados e unipersoais.

3 de xullo (mércores): data límite para entregar por correo electrónico no Negociado de Asuntos Xerais (sdfft@uvigo.es) as actas das actuacións dos tribunais coas correspondentes propostas de cualificación. No caso de tribunal colexiado estas deberán estar desagregadas (30% titor/a e 70% tribunal).

10 de xullo (venres): remate do prazo para entregar na

Secretaría Virtual e na Área de Grao (secretaría; secfft@uvigo.es) as actas das actuacións dos tribunais colexiados e unipersoais coas correspondentes propostas de cualificación.